

## **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020**

**CENTRO:** CEIP PENÍNSULA DA PAZ, CERVO.

**CURSO:** 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

**MATERIAS:** MATEMÁTICAS, LINGUA E LITERATURA CASTELÁ, LINGUA E LITERATURA GALEGA, SOCIAIS, NATURAIS, VALORES E PLÁSTICA.

**DATA:** 10/05/2020

### **ÍNDICE**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

# **1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.**

A continuación explico os ESTANDARES MÍNIMOS para cuarto de primaria e sinalo en vermello os que se deberían ter traballado neste terceiro trimestre pero que non foi así polo período de educación non presencial que estamos a vivir.

## ➤ *CIENCIAS DA NATUREZA*

### BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA

- Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.
- Reflexiona sobre o traballo realizado.
- Emprega axeitadamente o vocabulario traballado.

### BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE

- Localiza os principais órganos vitais
- Analiza dietas e elabora un menú equilibrado na escola.

### BLOQUE 3. OS SERES VIVOS

- Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno.
- Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica plantas do seu contorno.
- Identifica hábitats de seres vivos.

### BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA

- **Elabora protocolos para mellorar os problemas medioambientais.**

### BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS

- **. Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá.**
- **Utiliza algún recursos tecnolóxicos para comunicarse.**

## ➤ *CIENCIAS SOCIAIS*

### BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS

- .Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido.
- Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área.

- Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.

## BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA

- Explica e compara as distintas formas de representación da Terra.
- Identifica e clasifica distintos tipos de mapas.
- Define tempo atmosférico, identifica os distintos instrumentos de medida.
- Define hidrosfera, e identifica e nomea as grandes masas e cursos de auga.
- Identifica e explica as diferenzas entre rochas e minerais.

## BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE

- Explica a organización territorial de España.
- Recoñece, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística.
- Explica normas básicas de circulación.

## BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO

- Define o concepto de prehistoria e historia.
- Explica e valora a importancia da escritura, a agricultura e a gandería, como descubrimentos que cambiaron profundamente as sociedades humanas.
- Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico.
- Explica aspectos relacionados coa forma de vida, organización social e cultura das distintas épocas históricas.
- Valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico.

## ➤ LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

## BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR

- Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos con certa claridade.
- Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa.

- Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situación de comunicación.
  - Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.
  - Reproduce de memoria breves textos literarios ou non literarios axeitados aos seus gustos e intereses.
  - Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender.
  - Redacta unha noticia, un resumo, unha entrevista, un diálogo.

## BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER

- Le en silencio e en voz alta, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.
- Iníciase na utilización autónoma do dicionario en distintos soportes, no seu traballo escolar.
- Dedicar un tempo semanal para a lectura voluntaria de diferentes textos.
- Localiza na biblioteca de aula e centro lecturas axeitadas ao seu gusto.
- Identifica o argumento de lecturas realizadas.
- Coida, conserva e organiza os seus libros.

## BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR

- Escribe textos, organizando as ideas utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas.
- Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.
- Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.
- Pon interese e esforzase por escribir correctamente.
- Elabora con creatividade textos breves do seu interese.

## BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

- Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua.
- **Utiliza con corrección os tempos simples e compostos.**
- Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.

**(non se traballaron os adverbios e os verbos compostos)**

- Recoñece a oración simple, distingue suxeito e predicado.
- . Iníciase no coñecemento da estrutura do dicionario e no seu uso.
- Utiliza as normas ortográficas básicas nas súas producións escritas.

## BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

- . Valora de forma global, as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos.
- Crea, con axuda, sinxelos textos literarios.
- Memoriza e reproduce sinxelos textos orais adecuados á súa idade: contos, poemas, cancións.

## ➤ *MATEMÁTICAS*

### BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS

- Comunica verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.
- Formula novos problemas, a partir dun resolto.

### BLOQUE 2. NÚMEROS

- . Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as centésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
- Realiza sumas e restas de fraccións.
- . Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división (de ata dúas cifras).
- Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.

- Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.

### BLOQUE 3. MEDIDA

- Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.
- Expressa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa.
- Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.
- . Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.

### BLOQUE 4. XEOMETRÍA

- Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos, identificando as relacións entre os seus lados e entre ángulos.
- Clasifica cuadriláteros atendendo ao paralelismo dos seus lados.
- Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio e diámetro.
- Identifica e nomea polígonos atendendo o número de lados.
- Recoñece e identifica poliedros, prismas, pirámides e os seus elementos básicos: vértices, caras e arestas.
- Recoñece e identifica corpos redondos: cono, cilindro e esfera e os seus elementos básicos.

### BLOQUE 5. ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE

- Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas.



### VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

### BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA

- Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas propias calidades e limitacións.

- Actúa de forma respectable e digna.
- Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación e a resolución de conflitos, de xeito guiado.
- Expressa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.
- 

## BLOQUE 2. A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS

- Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas.

## BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS

- Participa na elaboración das normas da aula
- Respecta as regras do traballo en equipo.

### ➤ *EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)*

#### BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL

- Facer comics.
- Representar formas naturais e artificiais.
- Clasifica texturas, formas e cores.
- Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta o espacio.

#### BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA

- Consigue a sensación de profundidade e volumen nas súas ceracións.
- Realiza unha obra con materiais de refugallo.
- Utiliza distintas técnicas para os seus debuxos.
- Desenvolla hábitos de orde e limpeza, coidando materiais e espazos.

### ➤ *LINGUA GALEGA E LITERATURA*

## BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR

- . Comprende as ideas principais dun texto oral.
- Elabora un breve resumo dun texto oral.
- Participa nunha conversa entre iguais.
- Elabora e produce textos orais, breves e sinxelos , ante a clase.
- Respecta as opinións da persoa que fala.
- Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.
- . Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación e volume.

## BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER

- Identifica as ideas principais dun texto (narrativo, descritivo, expositivo) adecuado á súa idade.
- Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.
- Le textos en voz alta, sen dificultade e coa velocidade adecuada.
- Usa a biblioteca de aula e a do Centro con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.
- Aмосa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e lecer.
- Emprega o diccionario para resolver as dúbidas de vocabulario.
- Realiza un resumo dun texto sinxelo

## BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR

- Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia xeral e de xeito creativo.
- Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).
- Escribe textos propios e textos do ámbito académico.
- **Elabora comics.**



- Coida a presentación dos textos.

#### BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

- Recoñece en textos enunciados, palabras e sílabas.
- Identifica presente, pasado e futuro.
- Diferencia sílabas tónicas e átonas.
- Identifica nun texto sustantivo, adxectivo e **determinante**.
- Sinala o xénero e o número das palabras.
- Identifica suxeito e predicado.
- Valora a Lingua Galega.

#### BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

- Escoita e reproduce textos de literatura popular galega.

### **2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.**

Debido ao difícil momento que estamos a vivir e aos escasos recursos con que contan algúns dos meus alumnos/as, decidín non avanzar en contidos durante este período de educación non presencial e como detallarei no apartado seguinte, o traballo proposto vai na liña de reforzar e repasar os contidos traballados ata o 13 de marzo para afianzalos e non perder o ritmo de traballo.

En canto á avaliación do terceiro trimestre, e segundo dicta a normativa remitida pola Consellería de Educación, terei en conta as notas de 1º e 2º avaliación e calcularei unha media aritmética das dúas, valorando o traballo realizado polo meu alumnado unicamente so para subir nota.

A supervisión e continuidade na realización das tarefas que se van propoñendo só servirá para aumentar esa nota nun máximo de 2 puntos, polo que non se terá en conta negativamente en ningún dos casos.

Para facer esta valoración terei en conta unha serie de factores como son:

- O interese por estar en contacto neste período.
- As posibilidades de cada un (tanto a nivel tecnolóxico como familiar).
- A participación nas tarefas propostas.
- A curiosidade dos traballos presentados.
- A consulta de dúbidas polas diferentes canles abertas.
- A creatividade.

Terei un seguimento máis exhaustivo destes traballos nos nenos e nenas que teñen algunha materia suspensa, para poder valorar si poden aprobar neste terceiro trimestre, e sempre en función das súas características individuais e do esforzo e interese que están mostrando á hora de manter esta rutina de traballo diaria.

### **3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADE DO 3º TRIMESTRE.**

A forma de traballo e metodoloxía empregada cambiou radicalmente neste período. Polo que, tanto alumnado como titora, tivemos que adaptarnos a un novo modo de traballo.

Desde o primeiro momento e basándome nas características do meu grupo/aula, optei por non avanzar en materia, polo que a miña metodoloxía se basa en actividades de reforzo e repaso de todo o estudado ao longo deste curso e do anterior, afianzando contidos, pero en ningún caso avanzando neles.

O centro ten un proxecto común sobre as Emocións, que nos parecen tan importantes nestes momentos difíciles.

Partindo delas traballamos unha emoción cada 15 días, polo que as actividades a realizar versan sobre a emoción a traballar nese período de tempo.

En ningún caso as tarefas son unha obriga, senón unha recomendación para manter un contacto co proceso de ensinanza e facilitar a continuidade dunha rutina de traballo que creo necesaria e importante. Tanto alumnado, como familias, están respondendo ben e atópomo moi satisfeita co resultado obtido.

As tarefas envíanse ao alumnado semanalmente, para que cada grupo familiar poida organizar o traballo escolar ás súas características específicas.

Para facilitar este traballo optamos pola creación dun blog (<https://auladamestrasusana.blogspot.com/>) que nos serve como unión para visualizar as actividades que uns e outros imos facendo ao longo da semana.

As actividades propostas envíanse semanalmente por varias canles, e fanse chegar xa fotocopiadas (en colaboración co Concello) a aquel alumnado que non ten posibilidade de imprimilas.

Tamén en colaboración co Concello de Cervo dotouse a 3 alumnos da miña titoría de conexión a internet e tablets, para poder acceder máis facilmente a toda a información e traballo diario.

Con respecto á recuperación para o alumnado que ten máis dificultades ou algunha materia suspensa nas avaliacións anteriores, estanse propoñendo xogos, visualización de vídeos, lectura de textos e actividades relacionadas con eses contidos non superados, para que poidan afianzalos e melloralos.

Dentro da metodoloxía cabe destacar a forma de comunicación entre alumnado, familias e docente.

A nivel de aula e titoría elaborei o **blog** anteriormente citado para poder colgar a información e as actividades a realizar. Ao mesmo tempo utilizo o **correo da xunta** como medio de comunicación e tamén unha **lista de difusión en whatsApp** para que as familias tiñen un contacto máis directo e rápido comigo.

Ademáis, cos alumnos máis ausentes das tecnoloxías e da continuidade no proceso ensinanza-aprendizaxe, manteño un contacto practicamente diario a través de **chamadas telefónicas**.

Outro medio utilizado para reunións con familias e alumnado é a **AppWebex**, que nos serve como enlace para vernos e comunicarnos todos a un mesmo tempo.

#### **4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.**

As canles de comunicación neste período de escolarización non presencial foron varias e quedaron explicadas no apartado anterior.

Só destacar que ademais das canles individuais que xa mencionei, a nivel xeral de centro, utilizouse a **web do colexio** e a **App AbalarMóbil**.